

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 10 de decembro de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e dez minutos do día dez de decembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1377).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1378).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME EN DIVERSAS RÚAS DO CASCO URBANO DO TERMO MUNICIPAL. EXPTE. 2021/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.12.13, e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 2.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo da capa de rodadura do firme en diversas rúas no núcleo urbano do termo municipal (expediente 2021-440) a MISTURAS, S.A., cunha baixa porcentual única de aplicación ao presuposto base de licitación do vinte e tres con corenta e seis por cento" (23,46 %).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

**3(1379).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS ÁREAS DEPORTIVAS, XIMNÁSTICAS E BIOSAUDABLES DA CIDADE. EXPTE. 7163/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.12.13, e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 2.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de mantemento e conservación das áreas biosaudables e áreas deportivas ximnásticas (expediente 7163-446) a CONTENUR, S.L., por un prezo total de 24.251,32 euros, sendo a cota correspondente o IVE a de 4.208,91 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

**4(1380).- MODIFICACIÓN E PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 14993/444.**

Visto o informe de fiscalización do 9.12.13, e de acordo co informe-proposta do 3.12.13, asinado polo xefe dos Servizos Enerxéticos e o xefe da Área de Fomento, e conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento e o concelleiro delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar as seguintes modificacións do contrato asinado por este Concello coa mercantil “IMESAPI S.A.” con data 20 de abril de 2006 para mantemento e conservación das instalacións de alumeado público do Concello de Vigo:

- a) Incrementar o seu prezo en 68.908,00 €/ano sen IVE, (83.378,68 euros/ano IVE engadido), con cargo a partida 4310.213.0000 “Alumeado de Nadal”, na que existe crédito adecuado suficiente para facer fronte ao mesmo no ano 2013.  
Consecuentemente, aprobar tamén a lista de prezos dos motivos do alumeado de Nadal obxecto do incremento que se contemplan no informe do Enxeñeiro Municipal, D. Benjamín Collazo Rodríguez, de data 21 de outubro de 2013, que conta co conforme do Concelleiro da Área de Comercio.
- b) Na estrutura de prezos do contrato que se recollen na cláusula II do prego, reducir a partida correspondente a mantemento en 193.181,18 euros/ano (sen IVE) (suma de revisións extraordinaria – 94.382,82 € -,

ordinaria - 20.781,74 € - e amortización de flota -78.016,62 € - ) e incrementar no mesmo importe a destinada a reposición de equipos e instalacións.

- c) Substituír na cláusula V do prego a prórroga por períodos anuais ata un máximo de dous, por unha soa prórroga de dous anos de duración.

Segundo.- Aprobar a prórroga do contrato por dous anos ata o 30 de abril de 2016, aceptando o compromiso do contratista formalizado por escrito incorporado ao expediente de que durante o período de prórroga renuncia esixir revisión ningunha do prezo do contrato.

Terceiro.- Previamente á sinatura da prórroga do contrato o contratista deberá proceder á ampliación da garantía constituída no seu día ata acadar o 4% do importe do prezo final do contrato, tralas modificacións de prezos producidas durante a súa vixencia.

Cuarto.- Aprobar o gasto para a prórroga do contrato, por importe de 4.701.501,60 euros (IVE engadido), cun cargo as partidas orzamentarias: 1650.227.9903 e 4310.213.0000 coa seguinte distribución por anualidades:

– Partida 1650.227.9903:

Exercicio 2014 ( 8 meses) : 1.378.248,08 euros.

Exercicio 2015 ( 12 meses): 2.067.372,12 euros.

Exercicio 2016 (4 meses): 689.124,04 euros.

– Partida 4310.213.0000:

Exercicio 2014: 283.378,68 euros.

Exercicio 2015: 283.378,68 euros.

O presente acordo notifícase ao Servizo de Enerxía, ao Servizo de Contratación e ao contratista aos efectos oportunos.

#### **5(1381).- COBERTURA DE RISCOS DA FLOTA DE VEHÍCULOS, PERIODO 2014-2015. EXPTE.7969/445.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.12.13 e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 10.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Corrixir o erro material do acordo de clasificación aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de 22 de novembro de 2013, substituíndo no apartado cuarto do punto segundo 10.297, 35 euros por 20.594, 69 euros.

2º.- Adxudicar a Mapfre Familiar Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A., o procedemento aberto para a contratación do aseguramento da flota municipal

(expediente 7969-445) por un prezo total de de 411.893,75 euros e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incrementa as porcentaxes de participación en beneficios na porcentaxe do 5 %.
- Incrementa o límite de RC de explotación e RC de carga na porcentaxe do 100 %.
- Incrementa as sumas aseguradas por falecemento, invalidez permanente e asistencia sanitaria do condutor e ocupantes en relación coas esixidas nas bases técnicas na porcentaxe do 90 %.
- Propón como custos de asistencia prestada a centros médicos non concertados coa aseguradora a cantidade de 30.540 euros.
- Incrementa a cifra de cobertura do transporte de mercadorías na porcentaxe do 100 %.
- Incrementa o seguro de accidentes dos Policías Locais (como ocupantes das motocicletas) na porcentaxe do 100 %.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

**6(1382).- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE XESTIÓN MUNICIPAL DESIGNANDO A D. JESÚS LÓPEZ MOURE RESPONSABLE DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA COA MERCANTIL “PAZO DE CONGRESOS S.A.” PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO PAZO-AUDITORIO “MAR DE VIGO”.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

**7(1383).- MODIFICADO Nº 1 CUSTE CERO DA OBRA “HUMANIZACIÓN RÚA MARTÍNEZ GARRIDO. FASE II”. EXPTE. 2487/443.**

Visto o informe xurídico do 3.12.13, o informe de fiscalización do 9.12.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento do 25.11.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, e o informe-complementario do 5.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto modificado nº 1, da obra de “Humanización da Rúa Martínez Garrido, Fase, II, sin importe adicional sobre o proxecto inicial.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.